

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

*EDICTO do 26 de novembro de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Desteriz, a favor dos/das veciños/as de Desteriz, no concello de Padrenda.*

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e de conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data do 2 de setembro de 2020, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Desteriz, a favor dos/das veciños/as de Desteriz, no concello de Padrenda (Ourense), resultan os seguintes feitos:

Primeiro. Con data do 4 de xullo de 2017 tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de José Rodríguez Sousa, en que solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas Desteriz.

Segundo. Con data do 6 de novembro de 2019, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións a que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro. O Servizo de Montes informou con data do 24 de xullo de 2020 que houbo dous erros no acordo de inicio publicado no DOG do 7 de abril de 2020: respecto dos lindes, polo leste e sur habería que substituír a parcela 45 pola 41, e polo oeste habería que engadir a parcela 9001 (estrada OU-410).



Cuarto. O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación existente no expediente, descríbese así:

Nome do monte: Desteriz.

Superficie: 3.220 m<sup>2</sup>.

Pertenza: veciños/as de Desteriz.

Concello: Padrenda.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Zona 1: integrada, en base a datos da oficina virtual do catastro, por catro parcelas:

000805800NG66F0001FH: clase urbana e uso industrial, cunha superficie de 176 m<sup>2</sup>.

32057A013007220000QM: clase rústica e uso agrario, cunha superficie de 170 m<sup>2</sup>.

32057A013007210000QF: clase rústica e uso agrario de 329 m<sup>2</sup>.

000806000NG66F0001TH: clase urbana e uso residencial, cunha superficie de 216 m<sup>2</sup>.

A superficie total que se vai clasificar na zona 1 é de 891 m<sup>2</sup>.

No seguinte cadro indícanse as parcelas que compoñen a zona 1 cos seus lindeiros:

| Parcelas que se van clasificar |                              |        | Lindeiros | Parcela | Polígono                 |    |
|--------------------------------|------------------------------|--------|-----------|---------|--------------------------|----|
| Referencia catastral           | Superficie (m <sup>2</sup> ) | Zona 1 |           |         |                          |    |
| 000805800NG66F0001FH           | 176                          |        | Zona 1    | Norte   | 9008 (camiño)            | 13 |
| 32057A013007220000QM           | 170                          |        |           | Leste   | 587, 577                 |    |
| 32057A013007210000QF           | 329                          |        |           | Sur     | 723, 9008, 586, 585, 700 |    |
| 000806000NG66F0001TH           | 216                          |        |           | Oeste   | 720, 704                 |    |
|                                | 891 m <sup>2</sup>           |        |           |         |                          |    |

Zona 2: segundo datos da oficina virtual de catastro comprendería:

A parcela 182 do polígono 35 (referencia catastral: 32057A035001820000QL), clase rústica e uso agrario cunha superficie de 1.277 m<sup>2</sup>.



Parte da parcela con referencia catastral 001805700NG66F: 52 m<sup>2</sup>, clase urbana, uso comercial e identificada coa referencia 001805700NG66F0001JH.

A superficie total que se vai clasificar na zona 2 é de 2.329 m<sup>2</sup>.

No seguinte cadro indícanse as parcelas que conforman a zona 2 cos seus lindeiros:

| Parcelas que se van clasificar |                              |             | Lindeiros | Parcela  | Polígono   |
|--------------------------------|------------------------------|-------------|-----------|--|--|
| Referencia catastral           | Superficie (m <sup>2</sup> ) | Zona 2      |           |  |  |
| 32057A035001820000QL           | 1.277                        |             | Zona 2    | Norte  | 9001 (estrada OU-410) e 001301100NG66F (parcela catastral con varios inmobles) |
| 001805700NG66F0001JH           | 52                           | Leste e sur |           | 41, 193, 192, 191, 190, 189, 188 e 187         |  |
|                                |                              | Oeste       |           | 9001 (estrada OU-410) e 001805700NG66F (parte) |  |
|                                | 2.329 m <sup>2</sup>         |             |           |  |  |

Fundamentos de dereito:

Primeiro. O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo. De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei «son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños».

Terceiro. É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento aos veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar



o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.

Cuarto. O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo Servizo de Montes e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

**RESOLVE:**

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Desteriz, a favor dos/das veciños/as de Desteriz, no concello de Padrenda (Ourense), de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Ourense, 26 de novembro de 2020

Yago Borrajo Sánchez  
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais  
en Man Común de Ourense



## VI. ANUNCIOS

### A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

#### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*CORRECCIÓN DE ERROS. Edicto do 26 de novembro de 2020, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, polo que se publica a resolución do expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado Desteriz, a favor dos/das veciños/as de Desteriz, no concello de Padrenda.*

Advertido un erro no devandito anuncio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 252, do 16 de decembro de 2020, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 49313:

Na cuarta liña, onde di: «Superficie: 3.220 m<sup>2</sup>», debe dicir: «Superficie: 2.052 m<sup>2</sup>».

Na novena liña, onde di: «cunha superficie de 176 m<sup>2</sup>», debe dicir: «cunha superficie de 99 m<sup>2</sup>».

Na duodécima liña, onde di: «cunha superficie de 216 m<sup>2</sup>», debe dicir: «cunha superficie de 125 m<sup>2</sup>».

Na trixésima liña, onde di: «891 m<sup>2</sup>», debe dicir: «723 m<sup>2</sup>».

O cadro que aparece na páxina, debe substituírse polo seguinte:

| Parcelas que se van clasificar |                              |        | Estremas | Parcela                  | Polígono |
|--------------------------------|------------------------------|--------|----------|--------------------------|----------|
| Referencia catastral           | Superficie (m <sup>2</sup> ) | Zona 1 |          |                          |          |
| 000805800NG66F0001FH           | 99                           |        | Norte    | 9008 (camiño)            | 13       |
| 32057A013007220000QM           | 170                          |        | Leste    | 587, 577                 |          |
| 32057A013007210000QF           | 329                          |        | Sur      | 723, 9008, 586, 585, 700 |          |
| 000806000NG66F0001TH           | 125                          |        | Oeste    | 720, 704                 |          |
| Superficie total zona 1        | 723 m <sup>2</sup>           |        |          |                          |          |



Na páxina 49314:

Na segunda liña, onde di: «identificada coa referencia 001805700NG66F0001JH», debe dicir: «identificada coa referencia 001805700NG66F0001JH (sup. 52 m<sup>2</sup>)».

Na terceira liña, onde di: «é de 2.329 m<sup>2</sup>», debe dicir: «é de 1.329 m<sup>2</sup>».

A táboa que aparece na páxina, debe substituírse pola seguinte:

| Parcelas que se van clasificar |                              |        | Estremas | Parcela     | Polígono   |    |
|--------------------------------|------------------------------|--------|----------|-------------|--|----|
| Referencia catastral           | Superficie (m <sup>2</sup> ) | Zona 2 |          |             |  |    |
| 32057A035001820000QL           | 1.277                        |        | Zona 2   | Norte       | 9001 (estrada OU-410)                                      | 34 |
|                                |                              |        |          |             | 001301100NG66F<br>(parcela catastral con varios inmoables) | 35 |
| 001805700NG66F0001JH           | 52                           |        |          | Leste e sur | 41,193,192, 191,190,189,<br>188 e 187                      | 35 |
|                                |                              |        |          | Oeste       | 9001 (estrada OU-410)                                      | 34 |
| Superficie total zona 2        | 1.329 m <sup>2</sup>         |        |          | Oeste       | 001805700NG66F (parte)                                     | 35 |





|   |   |   |
|---|---|---|
|   | <b>MVMC "DESTERIZ" (ZONAS I E 2, DE 723 M2 E 1329 M2 RESPECTIVAMENTE)</b> |   |
|   | <b>ESCALA 1:2000</b><br>SETEMBRO DE 2021                                  | SISTEMA DE REFERENCIA<br>ETRS89<br>COORDENADAS UTM FUSO 29<br>BASE CARTOGRAFICA: PNOA 2020 E<br>CARTOGRAFIA VECTORIAL DA "DIRECCIÓN<br>GENERAL DEL CATASTRO" ACTUALIZADA A<br>XANEIRO DE 2021 |
| MVMC "DESTERIZ" (ZONAS I E 2)<br>PARCELAS CATASTRAIS DE PADRENDA<br>LIÑA LÍMITE INTERNACIONAL |   |   |